



FONDO SOLIDARIO. AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO.  
AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2023/2024

<b>Normativa</b>	Orde do 10 de maio de 2023 (DOG 19/05/2023)
<b>Prazo de presentación de solicitudes:</b>	Do 20 de maio ata 21 de xuño de 2023 (ambos incluídos)
<b>Destinatarios e requisitos</b>	<p>Alumnado matriculado no curso 2023/2024 en:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Fondo solidario: 3º ou 4º Ed. Primaria</li><li>- Axudas libros: 1º ou 2º de Ed. Primaria</li><li>- Axudas material: Todos os curso de Ed. Primaria</li></ul> <p>- Devolver os libros de texto que se lles prestaron polo programa de fondo de libros no curso 2022/23 (<b>Proximamente recibirán información do procedemento para a devolución dos libros de texto</b>). O alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria non ten que devolver os libros de texto.</p>
<b>Documentación a presentar:</b>	<p>a) <b>Anexo I e II</b> (ED330B)</p> <p>b) <b>Copia do libro de familia</b> ou documento equivalente, onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.</p> <p>Excepcionalmente (cando non sexa posible facelo polos medios anteriores), poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:</p> <p>1º. Certificado ou volante de convivencia.</p> <p>2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.</p> <p>Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sin- lado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certifica- do dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.</p> <p>c) Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.</p> <p>d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cando o agresor forme parte da unidade familiar.</p> <p>e) Resolución xudicial constitutiva da curatela representativa ou resolución xudicial que estableza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a revisión desta medida.</p>



	<p>f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.</p> <p><b>g) No caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE: Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais</b> ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia,</p> <p><i>(Terase en conta a renda do ano 2021 e o número de membros computables da unidade familiar con data do 31/12/2021)</i></p> <p><i>As solicitudes serán únicas, no caso de ser presenciais, presentaráse unha para tod@s os/as fill@s matriculados no centro. No caso de que as solicitudes se tramiten de xeito telemático presentaráse unha por cada fillo/a.</i></p> <p><i>O alumnado que non estea admitido/a nin coñeza en que centro vai estar escolarizado no curso escolar 2023/24, deberá presentar a solicitude no centro no que está matriculado no curso 2022/23.</i></p> <p><i>O alumnado que curse a día de hoxe 6º nivel de educación primaria e estea admitido/a no IES para o vindeiro curso, presentará a solicitude no Instituto de Educación Secundaria.</i></p>
<p><b>Forma de presentación:</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Forma de presentación electrónica: <a href="https://sede.xunta.gal/portada">https://sede.xunta.gal/portada</a></li> <li>➤ Forma de presentación presencial pero con asistencia da aplicación: cubrir os datos na aplicación fondo libros <a href="https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/">https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/</a>, imprimir os Anexos I e II producidos e presentar no centro educativo.</li> <li>➤ Forma de presentación presencial manual: empregar os Anexos I e II da Orde da convocatoria e presentalos no centro.</li> </ul>
<p><b>Contía das axudas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Contía das axudas <ul style="list-style-type: none"> <li>– Fondo solidario: Pode solicitar a axuda todo o alumnado independentemente da renda pero os libros que hai no fondo solidario repartiranse atendendo á renda das familias. As familias teñen dereito a un mínimo de libros en función da súa renda: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Renda ata 6000 € dereito a 6 libros</li> <li>- Renda de 6000 ata 10000 € dereito a 4 libros</li> </ul> </li> <li>– Axuda para adquisición de libros de texto <ul style="list-style-type: none"> <li>- Renda ata 6000 €: 240 €</li> <li>- Renda de 6000 € ata 10000 €: 160 €</li> </ul> </li> <li>– Axuda para adquisición de material escolar: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Renda ata 6000 €: 75 €</li> <li>- Renda de 6000 ata 10000 €: 60€</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>
<p><b>Publicación de listaxes do programa de Fondo libros de texto e entrega de vales</b></p>	<p style="text-align: center;"><b>1- FONDO LIBROS</b></p> <p>Publicación listaxe provisional---3 de xullo (<u>No taboleiro de anuncios do interior do centro</u>)</p> <p>Reclamacións á listaxe provisional ---- 4 e 5 de xullo</p> <p>Publicación listaxe definitiva --- 6 de xullo (<u>No taboleiro de anuncios do interior do centro</u>)</p>



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP ILLA VERDE**


Rúa Roi Xordo, nº 2

27002 Lugo

Tel.: 982 828 143

ceip.illaverde@edu.xunta.es

www.edu.xunta.gal/centros/ceipillaverde/



Entrega de libros do fondo ----- A primeira semana lectiva de setembro

**2-AXUDAS LIBROS E MATERIAL**

Entrega de vales de libros de texto e material --- **6 e 7** de xullo de 10:00h a 13:30h (As familias que non recollan o vale nestas datas terán que esperar a setembro para recollelo).

Así mesmo, as persoas solicitantes poderán acceder por vía electrónica ao seu expediente, a través da aplicación Fondolibros, empregando a Chave 365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.